



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

ACTA Nº 2026/8

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:14 horas do día 28 de abril de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES

- D. Juan Carlos García Barreiro
- D^a. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:

Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 14 de abril de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 14 de abril de 2026.

2.º. Concesión de axudas

2.1. Aceptación de emerxencia social expediente Expdte. 2026/S009/000010

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aceptación de emerxencia social expediente Expdte. 2026/S009/000010.

Visto o informe presentado pola Traballadora Social, D^a M^a Rosario Cal Dopico, con data 16/04/2026, relativo a un caso de emerxencia social para o expediente 2026/S009/000010.

Consta providencia da Alcaldía e dilixencia “intervido e conforme” emitida pola Secretaria-Interventora municipal con data 24/04/2026

Existe crédito axeitado e suficiente na partida “A familias e Institucións sen fins de lucro” partida 256.231.48 para facer fronte a este gasto por importe de 298,69 euros.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril, o órgano competente para a concesión de “axudas directas cando se acrediten razón de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria” é a Xunta de Goberno Local

Visto o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar a petición de axuda económica por emerxencia social para cubrir as necesidades do expediente 2026/S009/000010, polos motivos expostos no informe social de data 16/04/2026 que consta no expediente.

SEGUNDO: Aprobar e ordenar o pagamento por importe de 298,69 euros, que se fará por pago en efectivo, mediante a entrega dos fondos á empresa proveedora ES BP COIRÓS (COROCOTA CONSULTING, SAU. NIF A82572629).

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

Coirós na data da sinatura dixital

O alcalde accidental

Juan Carlos García Barreiro (delegación outorgada por resolución nº 84/2026, do 18/04/2026) “

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

2.2. Aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000011

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000011.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Visto o informe presentado pola Traballadora Social, M^a Rosario Cal Dopico, con data 16/04/2026, relativo a un caso de emerxencia social para o expediente 2026/S009/000011.

Consta providencia da Alcaldía e dilixencia “intervido e conforme” emitida pola secretaria-interventora municipal con data 24/04/2026

Existe crédito axeitado e suficiente na partida “A familias e Institucións sen fins de lucro” partida 256.231.48 para facer fronte a este gasto por importe de 125,05 euros.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril, o órgano competente para a concesión de “axudas directas cando se acrediten razón de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria” é a Xunta de Goberno Local

Visto o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a petición de axuda económica por emerxencia social para cubrir as necesidades do expediente 2026/S009/000011, polos motivos expostos no informe social de data 16/04/2026 que consta no expediente.

SEGUNDO: Aprobar e ordenar o pagamento por importe de 125,05 euros, que se fará efectivo mediante transferencia bancaria á taxista de Coirós con licenza nº 4

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

Coirós na data da sinatura dixital

O alcalde accidental

Juan Carlos García Barreiro (delegación outorgada por resolución nº 84/2026, do 18/04/2026)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Padróns fiscais

3.1. PADRÓN FISCAL AUGAS PRIMEIRO TRIMESTRE ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000014

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PADRÓN FISCAL AUGAS PRIMEIRO TRIMESTRE ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000014

Tendo en conta a ordenanza fiscal n.º 8, reguladora da taxa pola subministración de auga potable do Concello de Coirós, publicada no BOP n.º 210 o 05/11/2012.

Vista a solicitude presentada en data 25/03/2026 09:34:29 con rexistro n.º 202699900000187 a



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

nome de ESPINA & DELFÍN, S.L.

Consonte ao disposto no artigo 4 da ordenanza fiscal:

Artículo 4.º .-Obligación de pago.

- 1. La obligación de pago de la tasa regulada en esta Ordenanza, nace desde que se inicie la prestación del servicio, y su facturación y cobro se realizará con periodicidad trimestral, por trimestres completos.*
- 2. El pago de dicha tasa se efectuará en el momento de presentación, al obligado a realizarlo, de la correspondiente factura.*
- 3. Las deudas por esta tasa podrán exigirse por el procedimiento administrativo de apremio, de acuerdo con el Reglamento General de Recaudación.*

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o padrón da taxa abastecemento e saneamento de auga, correspondentes ao primeiro trimestre do 2026 e as liquidacións resultantes deste, cos seguintes datos:

- Abastecemento: 34.662,68€
- Cota mantemento acometida abastecemento: 1.228,83€
- Cota contador: 1.021,44€
- Saneamento: 42.575,50€
- Canon auga: 7.131,33€

SEGUNDO.- Expoñer ao público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

Esta exposición, polo prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, Xeral Tributaria.

De non presentarse reclamación algunha entenderase aprobado definitivamente.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de reposición ante este Concello no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo a interpoñer ante os Tribunais Contencioso Administrativos, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública.

O canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais. A falta de pago do canon no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Coirós, a luns 27 de abril de 2026.

O alcalde acctal.

Asinado: Juan Carlos García Barreiro

(delegación por Decreto 84/2026 de data 18/04/2026)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

O alcalde introduce un asunto non comprendido na orde do día por vía de urxencia, dado que o expediente non estaba completo no momento da convocatoria e trátase do padrón so SAF do mes de febreiro, polo que procede non adiar a súa resolución.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasa a tratarse este asunto.

3.2. PADRÓN FISCAL SAF FEBREIRO ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000012

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 28 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PADRÓN FISCAL SAF FEBREIRO ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000012

Vista a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Coirós, publicada no BOPn.º 124 o 02/07/2014. É obxecto desta Ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Coirós (artigo 1º).

Vista a relación de usuarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar, correspondente ó mes de febreiro de 2026 que se xunta á proposta elaborada polos servizos sociais municipais en data 28/04/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar correspondente ó mes de febreiro de 2026, tal e como seguen:

USUARIOS: 40 usuarios con copagamento, e 4 beneficiarios están exentos de pagamento
IMPORTE: 2.068,55€

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LXCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será o 05/05/2026.

TERCEIRO.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo á Tesouraría municipal, aos efectos oportunos.

Coirós, a data da sinatura dixital.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Persoal

4.1. Bolsa de emprego auxiliares Servizo de Axuda no Fogar. Expte. 2026/X998/000017

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Bolsa de emprego auxiliares Servizo de Axuda no Fogar. Expte. 2026/X998/000017

Visto o informe emitido pola traballadora social o 17/04/2026, no que propón a creación dunha bolsa de emprego de auxiliares do SAF.

Vista a proposta de bases e convocatoria asinada pola Alcaldía accidental en data 27/04/2026, que se transcriben literalmente:

“BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO, PARA AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE COIRÓS

Expte. 2026/X998/000017

1.- Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio (SAF) do Concello de Coirós, utilizando o sistema de selección de oposición libre.

As funcións a desenvolver son as seguintes:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio:

- *Asistencia para levantarse e deitarse.*
- *Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.*
- *Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.*



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por persoas facultativas.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia.

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.

Ou calquera outra recollida na Orde do 22 de xaneiro de 2009, da Xunta de Galicia.

As retribucións serán as previstas no cadro de persoal do Orzamento Xeral do Concello en vigor para a referida praza.

2.- Modalidade de contratación

As contratacións que se efectúen serán baixo a modalidade de contrato de duración determinada para atender as necesidades do servizo por circunstancias da produción ou por substitución da persoa traballadora, nos termos establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores e do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e coa finalidade da substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas: baixas por incapacidade temporal; redución de xornada e polo período que medie entre o inicio do proceso selectivo e a súa cobertura definitiva; acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo de axuda no fogar (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.); calquera outra que esixa urxencia na contratación e outras necesidades circunstanciais do servizo.

3.- Requisitos das persoas aspirantes

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte no proceso selectivo, na data da finalización do prazo de presentación de instancias:

1. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.
2. Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
3. Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, dalgún dos seguintes títulos ou equivalentes:
 - Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, equivalente ou superior.
 - Técnico/a de atención sociosanitaria.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

- Técnico/a Superior en Integración Social.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou equivalente (BOE nº274 de 16/11/2015).
- Ter solicitado algún dos dous anterior certificados de profesionalidade e cumprir os requisitos para obtelo.
- Calquera outra habilitación prevista no acordo de 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello territorial do Sistema para a Autonomía e atención a Dependencia de 27 de novembro de 2008, sobre os criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, modificado polo Acordo de 7 de outubro de 2015. (Resolución de 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia e á Discapacidade e Resolución de 3 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade).

4. Acreditar o coñecemento da lingua galega, Celga 3.

Para o caso de que as persoas aspirantes non acreditasen o coñecemento da lingua galega mediante o certificado de lingua galega (Celga 1 ou equivalente), deberán superar unha proba de galego que determinará o tribunal cualificador, esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado como APTA ou NON APTA (artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

5. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo ao que se opte.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ao día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial no que se faga constar que a persoa aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, en caso de ser seleccionado.

6. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

7. Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

8. Estar en posesión do/s permiso/s/licencias de condución B, así como de medio de transporte que posibiliten os desprazamentos para a realización das funcións de auxiliar de axuda a domicilio (achegarse declaración responsable respecto do medio de transporte).

9. Certificado de delitos de natureza sexual.

4.- Presentación das solicitudes

O Concello de Coirós dará publicidade á presente convocatoria e ás bases de selección no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

As persoas que desexen tomar parte desta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas á Alcaldía no modelo que se engade como Anexo I, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Coirós ou por calquera outro medio válido en dereito, recollido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. Neste caso, unha vez presentada, deberán os aspirantes



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

comunicalo durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, mediante correo electrónico (coiros@coiros.es). Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, quedarán excluídos/as do proceso de selección.

Xunto coa instancia para formar parte do proceso selectivo (Anexo I), as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación (copias simples):

- Fotocopia do DNI ou pasaporte. Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Permiso/s licenza/s de condución B.
- Titulo/s requiridos na base 3.3.
- Anexo II. Declaración responsable.
- Celga 3.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

En todo caso e, de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega (Celga 1, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto nas presentes bases da convocatoria.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais, desde a publicación do extracto da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

6.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas.

Rematado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, así como as persoas exentas e non exentas da realización do exercicio acreditativo do coñecemento da lingua galega.

Esta Resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello concedéndose, no seu caso, un prazo de tres (3) días naturais para reclamacións, se as houbera, e/ou para a emenda dos defectos de documentación, entendendo que non se considerará deficiencia ou erro a falta de presentación de documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións e resoltas as alegacións presentadas, ditarase nova Resolución de Alcaldía estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva de candidatas admitidas ou excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal. Na mesma Resolución designarase a composición do tribunal e determinará o día, hora e lugar no que se realizará a fase de oposición do procedemento de selección. De non existir aspirantes excluídas a Alcaldía elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

7.- Tribunal cualificador



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

A composición do Tribunal adecuarase aos criterios de imparcialidade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos ao efecto pola normativa de aplicación.

O tribunal, titulares e suplentes, encargado da selección estará integrado por:

- Presidente/a: un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración.

- Vogais:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración.

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración.

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración.

- Secretario/a: un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración.

Todos os membros do tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo e normativa concordante e/ou substitutiva.

8.- Proceso selectivo

A selección realizarase mediante o sistema de oposición, que constará dun único exercicio de carácter práctico, cunha puntuación máxima de 10 puntos.

Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de 60 minutos as preguntas sinaladas polo tribunal relacionadas co programa da convocatoria (Anexo III).

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos e para superala esixirase unha puntuación mínima de 5 puntos.

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, quedando decaídas do seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou pasaporte.

9.- Proba práctica coñecemento de galego

As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 3 ou equivalente da lingua galega, deberán realizar a proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Esta proba será cualificada como apto ou non apto, sendo a cualificación como non apto motivo de exclusión do procedemento selectivo (artigo 51 Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas que acrediten que posúen o Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG Núm. 34. 19 de febreiro de 2014).

Unha vez rematadas as outras probas, o Tribunal de selección convocará ás persoas candidatas que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización da proba de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto/a.

10.- Proposta de Resolución.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis aspirantes, este dirimirase por sorteo público a celebración ante o tribunal cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de resolución á Alcaldía que aprobará a relación de candidatas que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación ós efectos da formación da bolsa de emprego.

Publicarase a relación de aprobadas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello. As persoas aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Vilasantar.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Coiros e substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.

11.- Formación da bolsa de emprego.

Unha vez concluída a fase de selección, o Tribunal publicará unha listaxe polo orde resultante da cualificación definitiva obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. Dita listaxe definitiva será aprobada por Resolución de Alcaldía e publicarase na sede electrónica do Concello.

12.- Funcionamento da bolsa de emprego.

1. Sempre que resulte necesaria a contratación, procederase a chamar ás persoas integrantes da bolsa de emprego. A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou parcial, dependendo das necesidades do servizo. Informarase das condicións no momento do chamamento.

O procedemento específico para o chamamento do persoal da bolsa de traballo para substitucións iniciárase mediante informe da traballadora social responsable do SAF, xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal.

2. Os chamamentos efectuaranse pola orde na que os aspirantes figuran na bolsa e o correo electrónico será o medio de comunicación cos aspirantes. Enviarase á candidata unha oferta detallando as características da mesma, solicitando acuse de recibo. Co ofrecemento informarase á persoa interesada do tipo de modalidade de contrato e se é posible da duración estimada do mesmo así como das consecuencias que tería o rexeitamento do mesmo. Dito correo complementarase coa comunicación mediante o teléfono facilitado polo/a aspirante, realizándose dous intentos de chamada telefónica entre os cales, no suposto de non existir necesidade urxente de contratación, se deixará un intervalo de unha hora entre chamadas.

Isto requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos de contacto necesarios debidamente actualizados



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

(especialmente, correo electrónico e número de teléfono).

Nos supostos nos que o chamamento fose de urxencia, polas circunstancias concorrentes ou para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, e estea esta circunstancia debidamente acreditada, poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, a/o empregada/o pública/o que o leve a cabo fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta. Se algunha persoa candidata non contesta seguirase chamando aos seguintes da listaxe coa finalidade de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que se durante esa xornada a persoa coa que non se deu contactado anteriormente se pon en contacto co Concello de Coirós, manterá o dereito a ser contratada en primeiro lugar.

A aceptación da chamamento deberá efectuarse antes das 12:00 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento, podendo ter lugar, tamén, por vía telefónica. Transcorrido dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase que se rexeita a oferta.

3. A renuncia a unha oferta de emprego con motivo xustificado non suporá cambio na orde da persoa candidata na Bolsa de Emprego. A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado implicará que a candidata pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego.

A renuncia a dúas ofertas sen xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta e por tanto non pasará a candidata ao último lugar da listaxe, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- Estar en período de descanso paternal ou maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou libro de familia.
- Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grao, acreditado por certificado médico.
- Outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.
- Atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustificado o anterior o aspirante pasará ao mesmo posto que ocupaba na bolsa.

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte ao da comunicación do chamamento efectuado polo Concello de Coirós.

4. A persoa que acepte o chamamento, terá que presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos correspondentes do xeito establecido na base seguinte.

5. Unha vez comparecera a aspirante chamada segundo a orde da bolsa de traballo, e comprobado que cumpre os requisitos para a contratación ou nomeamento, realizados os trámites administrativos oportunos, por Resolución de Alcaldía procederase ao seu nomeamento/contratación para o desempeño do traballo correspondente.

6. En ningún caso, se adquirirá fixeza a través das contratacións que se produzan por chamamentos da Bolsa de Emprego.

7. Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

- Ter sido separado do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.
- A non superación do período de proba.
- Ter sido despedido polo Concello de Coirós.
- Renuncia voluntaria.

8. A bolsa de traballo extinguirase unha vez que transcorreran dous anos a contar desde a publicación no BOP da



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Resolución da Alcaldía que aprobou a relación e orde de prelación dos integrantes dela, ou por derogación expresa por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, por un ano máis, a cal deberá ser acordada por Resolución de Alcaldía antes de finalizar o período inicial de duración da bolsa.

9. Poderá non utilizarse esta bolsa de emprego cando a aplicación dunha norma de rango legal ou regulamentario impoña a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes os destas bases.

13.- Presentación de documentación

A persoa proposta para contratación presentará no Rexistro Xeral do Concello de Coirós, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación da Resolución no que figura a proposta de contratación, os seguintes documentos:

- Orixinal do DNI para a súa compulsa.*
- Informe médico oficial actualizado polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.*
- Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.*
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.*
- Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.*
- Documento orixinal da titulación do Celga que corresponda segundo o posto ao que se presenta, de ser o caso.*
- Permiso/s licenza/s de condución B.*
- Título/s requirido/s na base 3.3.*
- Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.*

A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base, da documentación antes referida, agás os caso de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, á nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento/contratación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

14.- Recursos e normativa

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da Xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas.

Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación: o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Galicia, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.

ANEXO I.- INSTANCIA

Nome e apelidos

DNI/NIE/Pasaporte

Enderezo a efectos de notificación

Teléfono a efectos de notificación

Correo electrónico a efectos de notificación

Lingua escollida para facer exercicios escritos

Galego

Castelán

EXPOÑO

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada polo Concello de Coirós para a formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de Persoal Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar no proceso de selección.
2. Que posúo capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
3. Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
4. Que non estou incurso/a nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
5. Que non fun condenado/a por delitos de natureza sexual.

E SOLICITO

Ser admitido para tomar parte no proceso de selección para o acceso á bolsa de emprego para realizar contratacións laborais como persoal auxiliar no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Coirós.

XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE

DNI ou documento identificador

Titulación esixida

Licenza de condución B1

Documento acreditativo de estar en posesión do CELGA 3, ou equivalente



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Como aspirante con discapacidade formalmente recoñecida achego certificación acreditativa da dita condición, nos termos do previsto, para o efecto, nas bases reguladoras.

ANEXO II

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- Responsable de tratamento: O responsable de tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE COIRÓS, con dirección LUGAR COIRÓS DE ARRIBA, 16, 15316 - COIRÓS (A CORUÑA); coiros@coiros.es.

2.- Dpo: O delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE COIRÓS é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en coiros@coiros.es.

3.- Finalidade: O acceso á condición de integrante da bolsa de traballo de auxiliares do servizo de axuda no fogar do CONCELLO DE COIRÓS efectuarase de conformidade con esta convocatoria pública e garantirase, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- Lexitimación : A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5.- Persoas destinatarias de cesións: O CONCELLO DE COIRÓS non cederá os seus datos persoais a ningunha entidade, salvo para dar cumprimento as obrigas normativas propias.

6.- Dereitos : Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.

- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.

- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento

- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI/NIE.

O CONCELLO DE COIRÓS dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias do CONCELLO DE COIROS LUGAR COIRÓS DE ARRIBA, 16, 15316 - COIRÓS (A CORUÑA); coiros@coiros.es.

Para que podamos gardar os seus datos no proceso de selección, necesitamos que nos outorgue o consentimento.

e podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos que nos outorgue o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

NOME E APELIDOS: _____

DNI/NIE: _____

SINATURA

ANEXO III

TEMARIO PARA A SELECCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE COIRÓS

1. Concello de Coirós: organización, territorio, poboación e recursos.
2. Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do concello de Coirós (publicada no BOP 19/02/2015).
3. Hixiene e atención sanitaria domiciliaria: Características e necesidades de atención hixiénico-sanitaria a persoas dependentes. Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio. Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas dependentes no domicilio.*
4. Atención e apoio psicosocial domiciliar: mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes no domicilio. Apoio ás xestións cotiás das persoas dependentes. Interrelación, comunicación e observación coa persoa dependente e o seu entorno.*
5. Apoio domiciliar e alimentación familiar: xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar de persoas dependentes. Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.*

(*) Temario regulado no R.D. 1379/2008 de 1 de agosto, modificado polo R.D. 721/2011, de 20 de maio para o certificado de profesionalidade "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio" (SSCS0108)

Bases propostas pola Alcaldía.

Coirós, a 27 de abril de 2026.

O alcalde acctal.

Juan Carlos García Barreiro"

Visto o informe favorable emitido pola Secretaria municipal en data 27/04/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.03.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases propostas pola Alcaldía acctal. en data 27/04/2026 para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar, e a convocatoria do proceso selectivo.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

SEGUNDO: Publicar as bases íntegras no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

Coirós, a luns 27 de abril de 2026.

O alcalde acctal.

Asinado: Juan Carlos García Barreiro

(delegación por Decreto 84/2026 de data 18/04/2026)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

O alcalde introduce un asunto non comprendido na orde do día por vía de urxencia, dado que o expediente non estaba completo no momento da convocatoria e trátase da convocatoria de selección de persoal do programa PEL-CONCELLOS 2026, polo que procede non adiar a súa resolución.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasa a tratarse este asunto.

4.2. Convocatoria selección persoal: PEL CONCELLOS 2026. Expediente 2026/E001/000002

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 28 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria selección persoal: PEL CONCELLOS 2026. Expediente 2026/E001/000002

Vista a subvención concedida pola Deputación da Coruña correspondente ao programa PEL-CONCELLOS 2026, por importe de 28.000,00 euros, correspondentes ao programa de integración laboral para a contratación de 5 traballadores/as a xornada parcial (75%) para servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985. A concesión foi publicada no BOP nº 38 do 26.02.2026.

Vista a proposta de bases e convocatoria asinada pola Alcaldía accidental en data 27/04/2026, que se transcriben literalmente:

**“BASES PARA A CONTRATACIÓN DAS PERSOAS QUE CUBRIRÁN O CADRO DE PERSOAL DO ”PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PEL-CONCELLOS 2026”
Expte. 2026/E001/000002**



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

PRIMEIRA.– Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal, nos seguintes períodos:

CATEGORÍA	DURACIÓN
1 Albanel oficial 2ª	6 meses
1 Albanel peón/oa	6 meses
1 Peón/oa limpeza	4 meses
1 Peón/oa limpeza	3 meses
1 Peón/oa limpeza	1 mes

A través do proceso de selección que se indica nas presentes bases, de conformidade co establecido no Real Decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro que aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia (LEPG), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2015 do 23 de outubro (TRET) e disposicións concordantes, a efectos de executar as obras previstas no “Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2026”, segundo a Resolución número 2026/7246, do 23 de febreiro, pola que se aproba a concesión das subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2026 (PEL-CONCELLOS 2026)

SEGUNDA.– Modalidade de contratación e condicións do contrato.

Atenderase ao Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e á Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

Modalidade do contrato: contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 505, ao tratarse unha contratación a tempo parcial (75% xornada).

A duración prevista inicialmente é dende 01 Xuño e ata o 30 de novembro de 2026.

As retribucións brutas mensuais para o albanel oficial 2ª será de 1.143€ incluída a prorrata extra

As retribucións brutas mensuais serán de 1.068 € incluída a prorrata da extra.

A xornada será de seis horas diarias de luns a venres.

As funcións a realizar polo persoal que se contrate serán:

Para os albaneis, oficial 2ª e peón albanel : obras de mantemento en vías públicas, bases contenedores etc.

Para os peóns/oas: limpeza viaria, de accesos a núcleos de poboación, etc.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

TERCEIRA.– Condicións dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española ou ser nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP; igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Posuír capacidade funcional e aptitude física e psíquica para o desempeño das tarefas obxecto deste contrato.

A estes efectos establécese a igualdade de condición das persoas con necesidades especiais cos demais aspirantes, non podéndose fixar, con carácter xeral, limitacións físicas ou psíquicas, agás nos casos nos que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adaptándose polo tribunal selectivo as medidas e medios precisos para a realización das probas, de xeito que gocen da mesma igualdade de oportunidades que os demais participantes. Para este fin, os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

A condición de minusvalía, o seu grao e a súa compatibilidade co exercicio das funcións do posto de traballo, acreditarase mediante certificación para o efecto expedida polo organismo competente.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais e estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos ou acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso en causa de incompatibilidade.

f) Ser demandante de emprego, polo que será requisito imprescindible estar inscrito/a como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo co previsto na Base cuarta do Programa de Integración Laboral publicado pola Deputación Provincial para a execución de obras e servizos mínimos municipais.

g) Encontrarse en algunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres, por ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

consideración aquelas persoas que levan un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.

- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior ao 33%. A acreditación de discapacidade será comprobada polo Concello no proceso de selección das persoas a contratar.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- Persoas en fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas da violencia de xénero.
- Persoas sen fogar

CUARTA: Solicitud dos aspirantes.

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo deberán facerse mediante instancia dirixida á Alcaldía en modelo que figura no Anexo I destas bases, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Rexistro Xeral do concello, de forma presencial ou a través da sede electrónica o nalgún lugar dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Coirós (<https://sede.coiros.es/sxc/es/>)

Nas instancias os aspirantes farán constar que reúnen os requisitos establecidos na base terceira e xuntarán á solicitude:

- 1.- DNI (ademais servirá de xustificante de cumprir os requisitos de ser muller ou de ser maior de 45 anos)
2. Xustificante de ser demandante de emprego
- 3.- Documentación xustificativa dos méritos alegados polos aspirantes.
 - Programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: Documento expedido pola autoridade correspondente onde conste o seu título, o nome, apelidos e DNI do participante e número de horas.
- 4.- Xustificante de ter aboado as taxas para participación no proceso.
- 5.- Xustificante de cumprir os requisitos relacionados co punto g) da Base Terceira, segundo a situación de exclusión

Certificado de discapacidade (persoas que acrediten discapacidade de mais do 33%)

O resto dos supostos acreditaranse cun informe dos servizos sociais municipais

Informe de vida laboral actualizado (parado de longa duración, mínimo 2 anos)

- 6.- Para o caso de que se produza un empate os candidatos deben presentar coa solicitude:



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

- Documentación xustificativa das responsabilidades familiares mediante libro de familia, certificado de convivencia ou autorización á Administración municipal para comprobalo de oficio no padrón municipal de habitantes, no caso de pertencer a familia ao Concello de Aranga
- O tempo en desemprego deducirase do informe de vida laboral aportado.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan as bases da convocatoria.

QUINTA.– Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos e publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica do concello a efectos da presentación de reclamacións no prazo de dous días contados dende o seguinte á publicación.

Na mesma resolución determinarase o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e a celebración da oposición, así como a composición do tribunal.

De non existir aspirantes excluídos a lista provisional aprobarase como definitiva.

SEXTA.– Comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora será designada pola Alcaldía contando cun/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais. Deberá respectarse o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, esixible a cada un deles, e tenderase á paridade muller/home. Deberán posuír titulación superior ou igual á esixida para o acceso á praza e serán funcionarios/as de carreiro ou persoal laboral fixo, non podendo formar parte do mesmo persoal de selección ou designación política, funcionarios interinos, persoal laboral temporal nin persoal eventual.

Non poderá constituírse nin actuar sen asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo precisa en todo caso a asistencia do presidente e secretario.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ocuparse representacións ou delegacións de ningún.

Os membros da comisión deberán absterse de formar parte destes e de intervir cando concorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23.2 da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo asistir sempre o/a presidente/a e o/a secretario/a.

No que respecta á súa constitución e formación de vontade, rexeráse pola Lei 39/2019 de procedemento administrativo común das administracións públicas, e estará facultado para a interpretación das presentes bases e resolver as dúbidas e problemas que poidan xurdir.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, no seu caso, os empates, co voto de calidade do/a seu/súa presidente.

Contra os acordos da comisión poderán interporse recursos de alzada diante da Alcaldía.

SÉTIMA.– Proceso de selección, constará de dúas fases:

1º.-Fase de concurso, na que se valorarán as seguintes circunstancias: (ata un máximo de 3,50 puntos).

- Ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas : ata un máximo de 3 puntos.
- Para valorar estes programas terase en conta que estean dirixidos a persoal en risco de exclusión social; 1 punto por actividade formativa.
- Posuír carné de conducir 0,50 puntos.

2º.-Fase oposición, na que se realizará unha proba práctica ou teórica (ata un máximo de 6,50 puntos)

A Comisión Seleccionadora realizará aos/as candidatos/as unha proba práctica ou teórica, na que se avaliará o desempeño e coñecemento das tarefas a desenvolver no posto de traballo.

- Manexo e coñecementos da maquinaria e ferramentas coas que desenvolverán a tarefa
- Coñecementos relacionados co mantemento de vías públicas
- Aptitudes profesionais
- Utilización e coñecemento das medidas de protección
- Tempo utilizado no desenvolvemento do traballo.

Serán convocados en chamada única, por orde alfabético, e deberán presentarse co DNI. Se non comparecen decaerán automaticamente no seu dereito. As dúbidas que se susciten serán resoltas pola Comisión, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

3º.-Desempate:

No caso de varios candidatos obteñan a mesma puntuación o desempate resolverase tendo en conta:

- Responsabilidades familiares: ata un máximo de 2 puntos.

A valoración será a seguinte:

- Unidade familiar de ata 3 membros: 1,00 punto
- Unidade familiar de 4 membros: 1,50 puntos
- Unidade familiar de 5 ou máis membros: 2,00 puntos
- Se os candidatos empatados non estiveran en ningunha situación das anteriores valorarase o que máis tempo estea en situación de desemprego.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

OITAVA.– Proposta de contratación e formalización do contrato.

Rematada a cualificación, a Comisión publicará no taboleiro de edictos o nome dos aspirantes aprobados pola súa orde de puntuación total final e elevará á Alcaldía a proposta de contratación.

Ditos/as aspirantes propostos/as presentarán dentro dos dous días hábiles seguintes, e antes das 12.00 horas, os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos da Base Terceira, así como o certificado médico, certificado da contra bancaria para o pago das nóminas e tarxeta sanitaria .

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

NOVENA.– Listaxe de reserva.

A comisión seleccionadora, na última acta, incluírá unha relación dos aspirantes por orde decrecente da puntuación obtida. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista) para cubrir prazas non cubertas por situación de renuncia voluntaria e/ou cubrir situacións de baixa dos seleccionados.

DÉCIMA.– Normas finais.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Estas bases, a súa convocatoria, e cantos actos administrativos deriven das mesmas, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo das administración públicas, segundo os seus artigos 123 e 124, mediante a interposición do recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes dende o día seguinte á súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso, no prazo de dous meses dende a publicación.

Todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

UNDÉCIMA.- Protección de datos

De acordo coa normativa en vigor, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso selectivo, incorporarase a un ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Coiros, onde as persoas interesadas poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación.

Mediante a súa participación os aspirantes consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, rexistro de solicitudes, cualificación de probas, avaliación e provisión do posto.

Igualmente as persoas aspirantes prestarán o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan expostos no taboleiro de edictos da sede electrónica e na web municipal, a efectos de dar a



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

publicidade esixida no procedemento, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

ANEXO I.- INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL QUE LEVARÁ A CABO AS OBRAS PREVISTAS NO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2026”.

D./D^a. _____, co DNI número _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____, Municipio _____, Código Postal _____, teléfono _____, dirección de correo electrónico _____.

Que SOLICITO tomar parte no proceso selectivo convocado polo Concello de Coirós para cubrir tres prazas de persoal laboral temporal de peóns que leven a cabo o Programa da Deputación Pel-Concellos 2026.

A tal efecto adxunto DNI e certificación acreditativa da inscrición no Servizo Público de Emprego como desempleado, así como o xustificante do pago da taxa de dereito de exame.

DECLARO que coñezo e acepto as bases que rexen o proxecto selectivo e que reúno os requisitos esixidos, non estando incapacitado para desempeñar o posto e non estou incurso en prohibicións para contratar nin estou en situación de incompatibilidade.

Que cumpro o seguinte requisito (marcar o que proceda):

- ☐ Mulleres, por ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- ☐ Maiores de 45 anos.
- ☐ Persoas desempregadas de longa duración. A efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- ☐ Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior ao 33%. (A acreditación de discapacidade será comprobada polo Concello no proceso de selección das persoas a contratar.)
- ☐ Persoas en situación de drogodependencia.
- ☐ Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- ☐ Persoas en fogar monoparental/monomarental
- ☐ Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma o cuestións socioculturais
- ☐ Persoas vítimas da violencia de xénero
- ☐ Persoas sen fogar

Que relaciono os méritos que alego e achego a documentación acreditativa dos mesmos.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Que para o desempate achego a documentación que acredita as miñas responsabilidades familiares:

Así mesmo, autorizo:

- A que sexan comunicadas as actuacións do expediente ao número de teléfono arriba indicado.
 - O tratamento dos meus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de persoas candidatas, a cualificación de probas e avaliación, a súa exposición no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Coirós, aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación.
- Polo que SOLICITO ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Aranga , ____ de ____ de 2026.

ANEXO II

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

- 1.- Responsable de tratamento: O responsable de tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE COIRÓS, con dirección LUGAR COIRÓS DE ARRIBA, 16, 15316 - COIRÓS (A CORUÑA); coiros@coiros.es.
- 2.- Dpo: O delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE COIRÓS é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en coiros@coiros.es.
- 3.- Finalidade: O acceso á condición de integrante da bolsa de traballo de auxiliares do servizo de axuda no fogar do CONCELLO DE COIRÓS efectuarase de conformidade con esta convocatoria pública e garantírase, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.
- 4.- Lexitimación : A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

5.- Persoas destinatarias de cesións: O CONCELLO DE COIRÓS non cederá os seus datos persoais a ningunha entidade, salvo para dar cumprimento as obrigas normativas propias.

6.- Dereitos : Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI/NIE.

O CONCELLO DE COIRÓS dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias do CONCELLO DE COIROS LUGAR COIRÓS DE ARRIBA, 16, 15316 - COIRÓS (A CORUÑA); coiros@coiros.es.

Para que podamos gardar os seus datos no proceso de selección, necesitamos que nos outorgue o consentimento.

e podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos que nos outorgue o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: _____

DNI/NIE: _____

SINATURA

Bases propostas pola Alcaldía.

O alcalde acctal.

Juan Carlos García Barreiro

(delegación conferida por Resolución nº 84/2026 de data 18/04/2026)”



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención municipal en data 28/04/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar as bases propostas pola Alcaldía acctal. en data 27/04/2026 para a contratación de persoal financiado con cargo ao “Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2026”, e a convocatoria do proceso selectivo.

SEGUNDO: Publicar as bases íntegras no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

Coirós, a martes 28 de abril de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía adoptadas por avogación

5.1. Tramitación Convenios de outros organismos: Programa de formación- emprego Talento Mozo : "COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL"

Dáse conta da Resolución da Alcaldía 87/2026 ditada o 22/04/2026, que se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: Tramitación Convenios de outros organismos: Programa de formación- emprego Talento Mozo : "COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL"

EXPEDIENTE: 2026/A006/000004

ANTECEDENTES:

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Vista a Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B). (DOG Núm. 58 do 27 de marzo de 2026).

Visto o EXTRACTO da Orde do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil. (Código de procedemento TR353B) (BDNS (Identif.): 890148).

Vista a documentación remitida polo Concello de Betanzos mediante correo electrónico de data 15/04/2026, entre a que se atopa o texto do convenio, que se transcribe literalmente:

<< CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BETANZOS, ABEGONDO, COIRÓS E PADERNE PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA DE FORMACION- EMPLEO TALENTO MOZO: “COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL”

En Betanzos, 20 de abril de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D.^a María Barral Varela, alcaldesa do concello de Betanzos, actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, D. José Antonio Santiso Miramontes, alcalde do Concello de Abegondo, actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

Doutra parte, D. Francisco Quintela Requeijo, alcalde do concello de Coirós, actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra parte, D. Sergio Platas Casal, alcalde do Concello de Paderne, actuando en nome e representación da entidade, segundo o disposto no artigo 34.1b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Recoñécense todas as partes con capacidade legal abondo e poder bastante para este acto.

EXPOÑEN

Que os concellos de Betanzos, Abegondo, Coirós e Paderne como entidades locais territoriais limítrofes, están interesadas en desenvolver accións de cooperación e colaboración e asistencia activa que sexan precisas para a prestación de cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas comunidades veciñais.

Que entre os servizos públicos que, conforme á normativa vixente en materia de réxime local, os municipios poden prestar, promover e desenvolver accións e proxectos dirixidos á creación de emprego e á mellora da cualificación profesional dos/as demandantes de emprego do seu ámbito territorial, cuxo establecemento e prestación con carácter xeneralizado e satisfactorio constitúe unha aspiración dos dous concellos.

Que a vontade dos dous Concellos é establecer fórmulas de colaboración mutua que permitan executar conxuntamente o Programa de formación- emprego talento mozo : “Coidados e inclusión social”, tendo por finalidade mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, que lles permita ao alumnado-traballador participante realizar un traballo efectivo, que xunto coa formación



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

profesional para o emprego recibida, relacionada directamente con dito traballo, procure a súa cualificación e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo. Para facer isto posible, teranse en conta os termos recollidos na ORDE da Consellería de Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (Código de procedemento TR353B). (DOG Núm. 58 do 27 de marzo de 2026).

Que no artigo 3 da devandita orde establécese que os programas de formación- emprego talento mozo poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este.

Que a normativa vixente en materia de normativa local, e concretamente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia prevén a posibilidade destes convenios interadministrativos de colaboración entre Administracións locais, para a máis eficaz prestación e xestión de servizos da súa competencia.

Que en virtude de sendas resolucións os concellos de Betanzos, Abegondo, Coirós e Paderne acordan a sinatura deste convenio.

Que todas as partes son conscientes da necesidade de colaboración técnica co obxecto de axudar ás persoas demandantes de emprego cara á súa incorporación futura ao mercado de traballo, sobre a base do cal se subscribe o presente acordo conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Os Concellos de Betanzos, Abegondo, Coirós e Paderne, por medio deste convenio agrúpanse para solicitar o programa de formación-emprego talento mozo: “COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL” ao abeiro ORDE do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B). (DOG Núm. 58 do 27 de marzo de 2026).

Segunda. Representante

O Concello de Betanzos, por medio da súa alcaldesa, será a representante legal ante Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e polo tanto o concello petionario da subvención convocada, que se identificará como solicitante.

Será tamén o Concello de Betanzos como entidade petionaria, quen reciba o importe da achega económica e o que deberá presentar a documentación para o pagamento e xustificación de dita axuda. Asemade, asumirá as obrigas que se deriven da realización dos correspondentes contratos temporais vinculados á subvención que se conceda respecto a Facenda, á Seguridade Social e cantas obrigas se deriven da contratación de persoal; así como das obrigas fronte as empresas prestadoras dos servizos, etc.

O Concello de Betanzos asumirá a xestión administrativa, económica e a contratación do persoal e alumnado-traballador.

Terceira. Repartición do alumnado-traballador por cada Concello.

O programa de formación-emprego contará cun total de 16 alumnos/as–traballadores/es, repartidas do seguinte xeito:

• Concello de Betanzos: 8



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

• Concello de Abegondo: 4
• Concello de Coirós: 2
• Concello de Paderne: 2

Cuarta. Actuacións previstas no programa de formación-emprego.

Está prevista a realización de 5 actuacións/servizos no marco do programa de formación-emprego Talento mozo. Son servizos á comunidade de interese social. As 5 actuación pertencen tanto o Concello de Betanzos, Abegondo, Coirós e Paderne e participarán alumnos- traballadores de ambos Concellos.

• “SAF”: Está previsto que os/as 6 alumnos/as-traballadores/as de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, realicen as súas prácticas profesionais no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Betanzos. Acudirán unicamente a domicilios de usuario/as que xestione o SAF municipal,

• “RESIDENCIA GARCIA IRMÁNS: Está previsto que os/as 2 alumnos/as-traballadores/as da especialidade de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” (SSCS0208) realicen prácticas,

• “FUNDACIÓN HOSPITALARIAS BETANZOS”: Está previsto que os 3 alumnos/as-traballadores/as de ambas especialidades, “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” (SSCS0208) e “Promoción e intervención socioeducativa en persoas con discapacidade” (SSCE0111) realicen prácticas,

• “ASPACE”: Está previsto que 2 alumnos/as-traballadores/as de ambas especialidades, “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” (SSCS0208) e “Promoción e intervención socioeducativa en persoas con discapacidade” (SSCE0111), realicen prácticas.

• “ASPRONAGA”: está previsto que 3 alumnos/as-traballadores/as de ambas especialidades, “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” (SSCS0208) e “Promoción e intervención socioeducativa en persoas con discapacidade” (SSCE0111), realicen prácticas.

Quinta.- Achegas económicas

Os Concellos agrupados a este proxecto non asumen ningunha obriga monetaria nin doutra índole en canto o custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Sexta . Extinción convenio.

- 1.- A denuncia por calquera das partes, ben por cumprimento do prazo previsto de vixencia ou pola correspondente prórroga,
- 2.- mutuo acordo das partes,
- 3.- O incumprimento das cláusulas deste convenio.

Sétima. Vigor

O vixente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata a finalización das accións do programa de formación-emprego Talento mozo que dan pé a este convenio.

Oitava. Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e se rexerá pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, e a Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común e polas normas reguladoras da Administración Local.

E en proba de conformidade con canto antecede e para que conste e surta os efectos oportunos, asínase este convenio en Betanzos a 20 de abril de 2026.

Concello de Betanzos, a alcaldesa,
D.^a María Barral Varela

Concello de Coirós, o alcalde
D. Francisco Quintela Requeijo



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

*Concello de Paderne, o alcalde,
D. Sergio Platas Casal*

*Concello de Abegondo, o alcalde
D. José Antonio Santiso Miramontes*

>>

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente a solicitude de subvencións (apartado 6º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026, o órgano competente para acordar a solicitude é a Xunta de Goberno Local.

Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria non vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de adoptar o acordo antes do remate do prazo de solicitude, isto é, o 27/04/2026.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de convenios delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Segundo.- Aprobar o proxecto do "PROGRAMA DE FORMACIÓN- EMPLEO TALENTO MOZO: COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL".

Terceiro.- Solicitar xunto cos concellos de Betanzos, Abegondo e Paderne, unha subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da ORDE do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B). (DOG Núm. 58 do 27 de marzo de 2026).

Cuarto.- Este Concello non asume ningunha obriga monetaria nin doutra índole en canto o custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Quinto.- Acordar a sinatura do convenio cos Concello Betanzos, Abegondo e Paderne, para a posta en marcha Programa de Formación- emprego Talento mozo: "Coidados e Inclusión social".

Sexto.- Notificarlle esta resolución á/s persoa/s interesada/s, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde accidental Juan Carlos García Barreiro (delegación outorgada por Resolución núm. 84/2026 do 18/04/2026). Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

5.2. ACORDO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE COIRÓS PARA A REALIZACIÓN DA OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO. "HUMANIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL E COMÚN DE LOUREIROS-XORA"

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 85/2026 ditada o 20/04/2026, que se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: ACORDO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE COIRÓS PARA A REALIZACIÓN DA OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO. "HUMANIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL E COMÚN DE LOUREIROS-XORA"

EXPEDIENTE: 2025/A003/000004

ANTECEDENTES:

Vista a notificación efectuada pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestrutura, da realización das obras recollidas dentro do PLAN HURBE 2019-2027, mediante un acordo de cooperación, consistentes en “Humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Loureiros-Xora” recibida en en data 26/03/26 con rexistro nº S 568162 / RX 637784.

Visto o proxecto denominado “Humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Loureiros-Xora”, cun orzamento de 128.829,85 €, redactado polo enxeñeiro Juan Carlos Llamazares Díaz.

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal, Iria Pérez Miranda, con data de 15/03/26, coa conclusión que se transcribe:



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCLUSIÓN:

O proxecto "HUMANIZACIÓN DE ESPACIOS PÚBLICOS EN NÚCLEO RURAL HISTÓRICO- TRADICIONAL Y COMÚN DE LOUREIROS- XORA" de data 7.10.2025 redactado polo enxeñeiro de montes Juan Carlos Llamazares asinado o 03/11/2025 é viable urbanisticamente cumprindo co Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Coirós aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002 así como a lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

Debendo ter en consideración en todo caso as condicións establecidas nas autorizacións sectoriais emitidas para a execución das obras (Patrimonio cultural, Augas de Galicia, Vías de Obras da Deputación de A Coruña, Consellería de Industria e Demarcación de estradas do Estado) obrantes no expediente.

Vista a urxencia de realizar os trámites necesarios requiridos na notificación, previos á sinatura do acordo de cooperación subscrito entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Coirós para as obras denominadas "Humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Loureiros-Xora", que de seguido se transcribe:

" ACORDO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE COIRÓS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO REUNIDOS

Por unha banda, María Martínez Allegue, en nome e representación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Francisco Quintela Requeijo, alcalde-presidente do Concello de Coirós, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente acordo de cooperación,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas. Tamén lle corresponden as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que serán exercidas pola consellería competente en materia de medio ambiente.

Dentro da consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Urbanismo a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial, de conformidade ao apartado k) do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101, do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño) e do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

do 14 de abril).

Segundo.- Esta dirección xeral conta con programas dirixidos á dotación de equipamentos públicos e de mellora de contornas urbanas.

Os equipamentos urbanos desempeñan un papel fundamental como elemento dinamizador de desenvolvemento social e cultural da nosa sociedade e son, ademais, elementos estruturais na contorna urbana.

As intervencións definidas como contornas urbanas recollen as actuacións enfocadas a mellorar o espazo público tendo en conta as necesidades de utilización e en relación coa mellora da contorna, o ambiente e a calidade de vida.

Terceiro.- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a través do Plan hURBE trata de dar resposta á necesidade de humanización das vilas e de incrementar o atractivo dos núcleos rurais como factor determinante do equilibrio territorial.

O conxunto de vilas dispersas pola nosa xeografía, articulan e centralizan a vida económica, social e cultural do territorio que se atopa baixo a súa área de influencia. Constitúen verdadeiros motores de dinamización social e económica ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

A súa influencia ven determinada por diversos factores como accesibilidade ao núcleo, o nivel de servizos, equipamentos e actividades de ocio que subministra ao conxunto da poboación, e o seu papel como centro comercial para a economía da zona.

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, distingue, segundo a diferente función que desempeñan no conxunto do sistema territorial de Galicia:

- Espazos rurais integrados: correspóndense coas zonas máis próximas ás áreas urbanas, cuxa característica principal ven dada por constituír zonas de expansión urbana das cidades veciñas, cun adecuado acondicionamento territorial (equipamentos, dotacións, infraestruturas, etc)

- Espazos rurais intermedios: adoitan situarse na contorna das vilas intermedias e contan cun nivel de servizos, dotacións e infraestruturas aceptable

- Espazos rurais periféricos: os máis afastados das zonas urbanas (zonas de montaña de topografía complexa) onde a crise demográfica preséntase como un problema perentorio, cun nivel deficiente de infraestruturas, dotacións e equipamentos.

Os plans hURBE centran os seus obxectivos sobre estes dous modelos territoriais.

Cuarto.- O PLAN hURBE 2019-2027 continúa na senda iniciada polo PLANS hURBE 2010-2013 e 2014-2017 tratando de articular unha estratexia de posta en valor das vilas, tanto as grandes como as pequenas, e dos núcleos rurais, que permita crear as condicións propicias para o seu desenvolvemento sostible, sen prexuízo de actuacións puntuais nas cidades, que se encadren nos obxectivos fixados neste Plan.

A tal fin e preciso, acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

Este Plan persegue os seguintes obxectivos:

1. Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sostibilidade económica, medioambiental e social.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

2. Mellorar os equipamentos e dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis de servizos có fin de proporcionar unha oferta de calidade e axeitada ás necesidades da poboación có fin de incrementar o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma.

3. Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico das vilas

4. Incorporar as tecnoloxías de información tanto nas instalacións como na previsión de usos e actividades dos equipamentos municipais.

5. Prestar especial atención a aquelas accións sensibles á especificidade de xénero que garantan un acceso máis equitativo de mulleres e homes aos bens e servizos. Para a consecución destes obxectivos desenvolveranse accións nas mesmas áreas de actuación que as contempladas no PLANS hURBE 2010-2013 e 2014-2017:

Programa de equipamentos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Incrementar a oferta de infraestruturas e equipamentos óptimos para o desenvolvemento de actividades e eventos de carácter cultural que permitan garantir o acceso á cultura á totalidade da poboación.
- Contribuír á dinamización cultural, económica e de cohesión social, priorizando as actuacións en comarcas carentes destas infraestruturas.

Programa de humanización de rúas, cos seguintes obxectivos específicos:

- Recuperación de espazo público peonil para facilitar os desprazamentos e potenciar a súa función como espazo de encontro dos veciños.
- Mantemento e conservación das rúas en óptimas condicións de seguridade, para os vehículos e transeúntes.

Programa de urbanización e mellora de espazos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Rexeneración medioambiental de espazos degradados para o seu uso pola colectividade
- Incrementar a oferta dos espazos de convivencia, con especial atención a aqueles que revistan un especial interese histórico, artístico ou arquitectónico

Quinto.- O Concello de Coirós necesita acometer e trata de promover unha actuación dentro dos obxectivos especificados no expoñendo anterior.

Esta actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, "Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma".

Sexto.- Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; promoción e xestión de vivendas; parques e xardíns, pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.

O Concello de Coirós considera necesaria a execución desta obra con destino ao uso ou servizo público, e así o manifestou ante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que en uso das súas competencias, coincide co concello no uso público da obra.

Sétimo.- As condicións ás que debe axustarse a execución deste acordo entre a



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Xunta de Galicia e a devandita corporación local, para a realización de obras cuxa titularidade corresponda a estas últimas e que terán pro destino o uso ou servizo público, veñen reguladas polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo.

A execución pola Comunidade Autónoma de determinadas obras en réxime de cooperación con outras entidades públicas esixe, cando teñen por finalidade a satisfacción directa de necesidades cuxa prestación corresponde a estas entidades, a posta en marcha de mecanismos que, respectando o marco legal patrimonial vixente, posibiliten a realización das mesmas cos marxes de eficiencia e seguridade requiridos.

Oitavo.- Por outra banda, conforme aos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral de acordo coas técnicas que consideren máis axeitadas, como a cooperación interadministrativas

para a aplicación da normativa reguladora dunha materia ou actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens. Concretamente o artigo 143.1 establece: "As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

Estas relacións de cooperación, que requiren a aceptación expresa das partes, se formularán en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios nos que se preverán as condicións e compromisos que asuman.

O artigo 48 da citada Lei de réxime xurídico do sector público establece que as Administracións públicas e os organismos públicos, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público, que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos

públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Xa que logo, ambas dúas partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras de titularidade das mesmas e da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, recoñecen capacidade para formularen o presente Acordo de cooperación, e conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Coirós, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na Humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Loureiros-Xora, conforme ao proxecto que define as actuacións obxecto do presente acordo.

Segunda.- Obrigas da Consellería

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume as seguintes obrigas:



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

1. *Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e a dirección das obras sinaladas na cláusula primeira, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados, e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.*

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as obras merezan a plena conformidade da consellería, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. *Financiar a execución das actuacións obxecto deste acordo, coa achega indicada na cláusula cuarta.*

3. *Unha vez, producido o acto formal de recepción das obras pola consellería, esta poñerá en coñecemento do concello, entendendo que tal comunicación determina o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.*

Terceira.- Obrigas do concello

O concello asume as seguintes obrigas:

1. *Acreditar, con carácter previo á formalización deste acordo:*

- *O compromiso da posta a disposición, libres de cargas e gravames de todos os terreos necesarios, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras descritas na cláusula primeira, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar a cabo a mesma.*

- *A asunción das obrigas económicas que deriven deste acordo de cooperación, a cuxo efecto certificará a inclusión de aqueles nos seus respectivos orzamentos.*

- *A renuncia expresa a reter da achega desa corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.*

- *Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción do proxecto que definan as obras a executar. Este proxecto deberá vir aprobado polo órgano competente do Concello.*

- *Asumir, unha vez recepcionada/s, a/s obra/s e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.*

2. *Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.*

3. *O concello, como trámite previo á licitación das obras, deberá acreditar, a través da oportuna certificación xustificativa, a efectiva dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 desta cláusula.*

Cuarta.- Financiamento

Para o financiamento da actuación que constitúe o obxecto deste acordo de cooperación, cada unha das partes achegará os importes máximos, distribuídos como se indica no cadro inserido a continuación:



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Porcentaxes da achegas	Total
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (70% do custe estimado)	103.666,36 €
Concello de Coirós (30% do custo estimado)	44.428,44 €
Total	148.094,80 €

O financiamento desta actuación, por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.521A.607.1, código de proxecto 2016 00346.

O aboamento do importe correspondente ao concello, efectuarao en favor da Xunta de Galicia, logo de asinado o presente acordo e os correspondentes contratos e unha vez que lle sexa requirido pola Dirección Xeral de Urbanismo, sen que o dito importe supere a contía de cada unha das anualidades anteriormente indicadas e atendendo, en todo caso, ao ritmo de execución dos contratos. Calquera alteración na dita execución que implique a variación do correspondente importe determinará o reaxuste das anualidades.

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente acordo, as baixas que, de selo caso, resulten aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións intervenientes. Non obstante, para a derradeira achega que deba de efectuar o concello, deberá de terse en conta a totalidade dos aboamentos efectuados pola consellería aos contratistas adxudicatarios das execucións das actuacións obxecto do acordo, nos que se incluírán aqueles que

correspondan ás certificacións finais.

Quinta.- Relación laboral

A subscrición do presente acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do presente acordo poderá constituírse unha comisión de seguimento, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería a persoa titular da Dirección Xeral de Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado pola persoa titular da Alcaldía ou persoa en quen delegue e a persoa titular da concellería responsable de obras e/ou infraestruturas.

A dita comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do acordo, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do acordo por algunha das partes.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Sétima.- Resolución

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula sexta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá implicar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Oitava.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do acordo, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula cuarta do acordo.

Novena.- Natureza

Este acordo ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración local de Galicia; polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público; pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo e polas demais normas de Dereito administrativo e, en defecto, deste último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

Décima.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo segunda.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo dun ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.”

-Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente a convenios (apartado 5º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026, o órgano competente para acordar a adhesión a este convenio é a Xunta de Goberno Local.

Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria non vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de realizar cantos trámites sexan necesarios relacionados co mencionado acordo de cooperación.

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente (artigo 21 lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e demais normativa), **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avogar as competencias en materia de convenios delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto denominado “Humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Loureiros-Xora”, cun orzamento de 128.829,85 €, redactado polo enxeñeiro Juan Carlos Llamazares Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 147.2 da LSG 2/2016.

TERCEIRO.- Aceptar a execución das obras por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, mediante o acordo de cooperación subscrito entre dita Consellería e o Concello de Coirós.

CUARTO.- Poñer a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos, licencias e autorizacións legalmente exixidos para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren.

QUINTO.- Asumir as obrigas económicas que deriven do mencionado acordo de cooperación, a cuxos efectos se acreditará a inclusión de aqueles no orzamento, mediante documento RC



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

número de operación 220260001878 de data 20/04/2026, que consta no expediente.

SEXTO.- Renunciar expresamente a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.

SÉTIMO.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar, a súa aprobación, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras.

OITAVO.- Asumir, unha vez recibidas as obras e previa comunicación desta Dirección Xeral, a súa explotación, mantemento e conservación.

NOVENO.- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.

DÉCIMO.- O Concello, como trámite previo á licitación das obras, acreditará a través da oportuna certificación xustificativa a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

5.3. CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DUN SÓ USO

Dáse conta da Resolución da Alcaldía 88/2026 ditada o 24/04/2026, que se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DUN SÓ USO

EXPEDIENTE: 2026/G003/000128

ANTECEDENTES:

Visto o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de envases domésticos de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso asinado o 19 de xaneiro de 2026, que consta no expediente.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Consta memoria xustificativa asinada polo concelleiro delegado de medio ambiente en data 24/04/2026, onde se analiza a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade, así como o resto de requisitos que estableza a lexislación.

Consta informe xurídico emitido pola secretaria-interventora o 24/04/2026, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás convenios (apartado 5º), mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026 (BOP nº 75 do 23 de abril de 2026), o órgano competente para acordar a adhesión a este convenio é a Xunta de Goberno Local.

Porén, non está prevista a celebración dunha sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nos vindeiros días, dada a ausencia do Alcalde, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de completar a adhesión antes do 30/04/2026.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de convenios delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Segundo.- Solicitar a adhesión ao convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) envases domésticos de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso asinado o 19 de xaneiro de 2026, que consta no expediente.

Terceiro.- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e publicalo no portal de transparencia do Concello de Coirós.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde acctal. Juan Carlos García Barreiro. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

O alcalde introduce un asunto non comprendido na orde do día por vía de urxencia, dado que o expediente non estaba completo no momento da convocatoria e trátase da adxudicación do contrato menor para o servizo de psicoloxía do CIM, polo que procede non adiar a súa resolución.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasa a tratarse este asunto.

6º. Contrato menor do servizo de psicoloxía de maio a novembro de 2026. Nº Expediente: 2026/C002/000010



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 28 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Contrato menor do servizo de psicoloxía de maio a novembro de 2026. Nº
Expediente: 2026/C002/000010

ANTECEDENTES:

Visto o informe de necesidade emitido con data do 24 de abril de 2026.

Visto o expediente de contrato menor denominado “Servizo psicoloxía de maio a novembro”, con número de expediente 2026/C002/00001, cun orzamento base de licitación de 8.691,90 €.

Vista a existencia de crédito axeitado e suficiente, segundo o documento RC 220260001557 por 11.000,00 €.

Visto o orzamento recibido da psicóloga colexiada G-6086, Lorena Pasandín Valeiro, con NIF ***1400**, coa proposta que se indica:

	MENSUAL	TOTAL 7 MESES
IMPORTE BRUTO	1.241,70 €	8.691,90 €
IRPF 15%	186,25 €	1.303,75 €
IMPORTE LÍQUIDO	1.055,45 €	7.388,15 €

Considerando que se ten escollido a tramitación do contrato menor, de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, de 0 de novembro, de Contratos do Sector Público, LCSP.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante contrato menor denominado “Servizo psicoloxía de maio a novembro”, con número de expediente 2026/C002/00001, cun orzamento base de licitación de 8.691,90 €.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de 8.691,90 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 920.22706.

Terceiro.- Adxudicar o presente contrato a Lorena Pasandín Valeiro, con NIF ***1400**, polo importe total de 8.691,00 €, cunha duración de 7 meses, iniciando o contrato o 1 de maio de 2026. Xustifícase a adxudicación a Lorena Pasandín, por ser a oferta económica máis vantaxosa.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato a Dna. Raquel Montero González, directora do CIM de Coirós.

Quinto.- O pago tramitarase previa presentación da correspondente factura electrónica a través da plataforma FACe (factura electrónica), <https://face.gob.es/es>. O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta do adxudicatario.

Datos de facturación:



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

- Entidade contratante: Concello de Coirós
- Oficina contable: secretaría-intervención- CÓDIGO DIR3: LA0004479
- Órgano xestor: alcaldía- CÓDIGO DIR3: LA0004478
- Unidade tramitadora: Concello de Coirós- CÓDIGO DIR3 LA0004480

Sexto.-Notificar ao adxudicatario, indicándolle que a aceptación da notificación coa sinatura do representante constituirá o documento contractual.

En Coirós, a martes 28 de abril de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e vinte e oito minutos (14:28) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado pola secretaria-interventora, María Cristina Varela García, e polo alcalde, Francisco Quintela Requeijo, no Concello de Coirós, na data expresada á marxe da presente acta.